

AVALIACIÓN

A avaliación das ensinanzas de idiomas de réxime especial ten como obxectivo valorar o grao de dominio que posúe o alumnado como usuario dun idioma determinado e, se é o caso, adoptar as medidas e as estratexias oportunas para mellorar o proceso de ensino aprendizaxe co fin de acadar os obxectivos académicos propostos.

A avaliación terá por obxecto cualificar e, de ser o caso, certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe.

O cadro legal que regula a avaliación é o seguinte:

- Artigo 9 do Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia. O epígrafe 7 deste artigo establece que "**O alumnado que non supere todas as actividades de lingua establecidas no currículo de cada curso do nivel correspondente deberá repetir o curso**", derogando así este aspecto nas Ordes de avaliación que se refiren a continuación, e que continúan vigentes en todos os aspectos que non se opoñan a este Decreto.

- A circular 8/2019 pola que se ditan instrucións para a elaboración de probas de certificación no epígrafe 8.7 fixa un novo criterio para a superación do curso e obtención do certificado nos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2: "**para superar a proba será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua e, asemade, obter unha puntuación mínima dun 65% na puntuación total da proba.**"

- E o capítulo IV do devandito Decreto 81/2018, do 19 de xullo, titulado **Documentos de avaliación e certificacións** que en relación co non superamento da totalidade das probas engade no epígrafe 7 o seguinte:

"Seguindo as recomendacións do Consello de Europa sobre o uso do Portfolio europeo das linguas, ao alumnado que non supere a totalidade das probas correspondentes ao certificado de competencia xeral dalgún nivel poderáselle expedir, por petición propia, unha certificación académica de alcanzar o grao de dominio requirido naquelas actividades de lingua que as probas respectivas avalíen, de acordo co que estableza a consellería competente en materia de educación.

Así mesmo, o epígrafe 9º do artigo 9 establece o número máximo de cursos que o alumnado pode realizar para superar un nivel: “A permanencia en cada nivel das ensinanzas de idiomas na modalidade presencial será, como máximo, do dobre da duración establecida na normativa vixente para cada nivel dos diferentes idiomas.”

- Orde do 8 de setembro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado, D.O.G do 26 de setembro de 2008.

- Orde do 19 de abril de 2012 pola que se modifica a Orde do 8 de setembro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas especializadas de rexime especial que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- Orde do 8 de outubro de 2012 pola que se establece o procedemento para a implantación, avaliación e certificación de cursos especializados para o perfeccionamento de idiomas de nivel C nas escolas oficiais de idiomas de Galicia.

- Circular 3 / 2019 pola que se ditan instrucións para a preinscripción, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2019 – 2020. No epígrafe 9 concreta unha novidade que se introduciu o curso pasado co novo currículo, a reasignación do nivel. Os epígrafes 9.1, 9.2 e 9.3 din o seguinte:

9.1. “Ao longo do mes de outubro, as escolas poderán realizar modificacións na adscrición inicial do alumnado de novo acceso que precise unha nova valoración do seu nivel de dominio do idioma, co obxecto de asignarlle praza nun nivel distinto. A dita reasignación realizarase por proposta xustificada do/a profesor/a do grupo, ratificada polo departamento. Para estes efectos, os departamentos determinarán o nivel que lle corresponde a través dunha proba de clasificación.”

9.2. “Igualmente, o alumnado que obtivera praza de acordo co apartado 2.1 e) desta circular – acceso por titulación, ou alumnado que non estivese matriculado no curso pasado – poderá ser adscrito a calquera dos cursos inferiores ao nivel que xa ten superado. A matrícula deste alumnado terá a consideración de matrícula de actualización.

9.3. Fixa o proceso de matrícula deste alumnado e os trámites administrativos.

Alén destes puntos, en todos os cursos ordinarios o alumnado afrontará este proceso de avaliación nas seguintes modalidades:

- Avaliación inicial ou de diagnóstico

- Avaliación de progreso ou formativa
- Avaliación de promoción ou sumativa
- Avaliación certificadora
- Autoavaliación

1. Avaliación inicial

En todos os cursos e niveis levarase a cabo unha avaliación inicial do alumnado. Esta servirá para que o profesorado coñeza as características do seu alumnado e tamén facilitará que este se familiarice coas características do nivel no que se matriculou. No caso do nivel A1, a avaliación inicial servirá para determinar se o alumnado parte duns coñecementos previos ou se, pola contra, son aprendices que descoñecen por completo a lingua obxecto de estudo.

2. Avaliación formativa

A avaliación formativa refírese ao abano de procedementos e ferramentas que o profesorado e o alumnado empregan de forma continua para observar, reflexionar e garantir o logro dos obxectivos en etapas concretas. Polo tanto, esta avaliación non debe entenderse como unha proba desligada do proceso de aprendizaxe, senón como unha observación e valoración do desenvolvemento das tarefas e actividades deste proceso.

A avaliación formativa ten como obxecto situar o alumnado con respecto á súa meta de aprendizaxe e marcar o camiño para acadala. Este tipo de avaliación aplicarase en todos os cursos.

A avaliación formativa ten especial relevancia no ensino de linguas na EOI. O MECR menciónaa como elemento imprescindible na aprendizaxe de idiomas (MECR, pp. 260-261). A avaliación formativa axuda para orientar e guiar as persoas adultas na adquisición e uso de linguas.

Este tipo de avaliación levarase a cabo de maneira periódica e integrada no propio proceso de aprendizaxe. O profesorado informará o alumnado sobre o seu progreso e favorecerá activamente a adopción das estratexias de modificación ou adaptación máis axeitadas para acadar os obxectivos propostos.

Ao finalizar o primerio cuadrimestre realizarase unha **proba parcial de progreso**. Nos cursos non terminais de nivel (**B2.1, C1.1**) terá un valor porcentual do 30% respecto da cualificación final. No caso dos cursos terminais de nivel (**A1-A2, B1 e B2.2**), terá carácter orientador para alumnado e profesorado.

No caso do alumnado do curso A1-A2, de nivel básico, a superación desta proba daralle dereito a solicitar certificación de A1.

3. Avaliación de promoción: B2.1, C1.1

Esta levarase a cabo nos cursos non certificadores: **B2.1**, **C1.1** e servirá para determinar se o alumnado foi quen de alcanzar os obxectivos propostos. Este tipo de avaliación terá por obxecto determinar a promoción ao curso inmediatamente superior, sempre que se acadase un resultado positivo en cada unha das actividades de lingua; e valorarase o aproveitamento do alumnado, conforme aos criterios e procedementos que, con carácter xeral, estean regulados para todos os centros e para todas as linguas.

A dita proba terá un valor porcentual do 70% respecto da cualificación final do curso. No caso de que a cualificación global da proba de promoción sexa superior á da proba de progreso, prevalecerá aquela.

Na convocatoria extraordinaria do mes de setembro, o alumnado só terá que ser avaliado das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria de xuño. Esta proba extraordinaria realizarase nos primeiros 10 días de setembro e terá un valor do 100% para todo o alumnado.

O profesorado poderá valorar positivamente o rendemento e a participación do alumnado na aula; a dita valoración en ningún caso poderá superar o 10% da cualificación final do curso

4. Avaliación certificadora: A2, B1, B2

Este tipo de avaliación levarase a cabo no último curso de cada nivel para obter o certificado correspondente A1-A2 (maio-xuño e setembro), **B1** (xuño e setembro), **B2** (xuño e setembro). Servirá para medir o dominio de lingua que posúe o alumnado.

As probas de certificación responderán a un modelo competencial e centraranse en avaliar os obxectivos xerais e específicos do nivel e o dominio de uso da lingua que posúe o alumnado.

Estas probas permitirán o acceso directo ás ensinanzas do nivel inmediatamente superior.

Na avaliación e cualificación das probas de certificación tomaranse como referencia os criterios de avaliación establecidos para cada nivel e actividade de lingua nos currículos que figuran no Decreto 81/2018 e no Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro, así como os principios comúns de avaliación establecidos no Real decreto 1/2019, do 11 de xaneiro.

Coa finalidade de asegurar a fiabilidade, a equidade e a transparencia do proceso de avaliación e cualificación das probas, este desenvolverase de acordo coas directrices que estableza a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa na Guía de avaliación e cualificación das probas de certificación.

A cualificación outorgada ao alumnado será de "Apto", "Non apto" ou "Non presentado", segundo corresponda.

A puntuación das actividades de lingua superadas na convocatoria ordinaria manterase para a convocatoria extraordinaria, deste xeito, o alumnado do réxime oficial que se presente á convocatoria extraordinaria de setembro só terá que examinarse das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria. O alumnado que non obteña a cualificación global de apto na convocatoria extraordinaria deberá realizar a proba completa en sucesivas convocatorias.

Para o nivel básico A2, a puntuación total da proba de certificación será de 100 puntos. Cada unha das catro partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. A cualificación será positiva cando se acaden, polo menos, 15 puntos en cada unha das actividades de lingua.

Para os niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2, a puntuación total da proba de certificación será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. Para superar a proba será necesario acadar, polo menos, 12,5 puntos en cada actividade de lingua e, asemade, obter unha puntuación mínima dun 65% na puntuación total da proba.

O alumnado que non acadar o mínimo do 65% da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse das actividades de lingua nas que non obtivera 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65%. Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

Nestas probas poderá matricularse alumnado libre, que non terá que posuír os certificados dos niveis anteriores.

5. Autoavaliación

A autoavaliación é un instrumento clave no proceso de ensino-aprendizaxe. Autoavaliarse consiste na capacidade do alumnado e do profesorado de xulgar os logros acadados respecto aos obxectivos establecidos. No caso do alumnado, permite desenvolver a capacidade de aprender a aprender, céntrase nos procesos e aumenta a capacidade de ser responsable da propia aprendizaxe. No caso do profesorado,

permite adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe (materiais, metodoloxía, temporalización etc.) ás necesidades do alumnado e ás súas propias.

Con esta finalidade, o profesorado avaliará o proceso de ensino e a súa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos e o desenvolvemento das competencias básicas. Para levar a cabo esta avaliación teranse en conta, como mínimo, os seguintes elementos:

- a adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e ás necesidades do alumnado,
- a aprendizaxe lograda polo alumnado,
- as medidas de individualización do ensino,
- o desenvolvemento da programación: estratexias de ensino, procedementos de avaliación, organización da aula, aproveitamento dos recursos...,
- a idoneidade da metodoloxía e dos materiais curriculares,
- as necesidades de actualización do profesorado: didáctica, lingüística, medolóxica...,
- a coordinación co resto do profesorado.

6. Procedementos

A circular 8/2019 pola que se ditan instrucións para a elaboración de probas de certificación

As docentes realizaremos avaliacións informais na aula a través de tarefas que conlevarán unha cualificación subxectiva, holística ou cuantitativa, según a idoneidade didáctica. Nos cursos de promoción (**A1, B2.1 e C1.1**), tamén poderemos propoñer a realización de tarefas ou actividades autónomas ao alumnado que terán unha avaliación obxectiva e quedarán rexistradas como parte da avaliación continua. Estas tarefas poderán mesmo ser unha parte das actividades que contan para a avaliación formal.

Segundo o curso, o alumnado realizará as probas de **certificación** (A2, B1, B2, C1.2) ou de **promoción** (A1, B2.1, C1.1). Os obxectivos das probas e os sistemas de avaliación están en parte descritos na circular 8/2019. O seu desenvolvemento será o obxecto dunha circular de avaliación pendente de publicación e da que se informará ao alumnado en canto se publique.